1	238		24		USUFRUTO	
1	245		38		USUFRUTO	
1	251		24		USUFRUTO	
1	256		127		USUFRUTO	
1	280		24		USUFRUTO	
1	303		127		USUFRUTO	
1	332		132		USUFRUTO	
1	346		24		USUFRUTO	
1	349		24		USUFRUTO	
1	354		132		USUFRUTO	
1	357		132		USUFRUTO	
1	370		127		USUFRUTO	
1	374		24		USUFRUTO	
1	386		127		USUFRUTO	
1	390		24		USUFRUTO	
1	401		127		USUFRUTO	
1	402		24		USUFRUTO	
1	406		127		USUFRUTO	
1	409		24		USUFRUTO	
1	430		24		USUFRUTO	
1	433		127		USUFRUTO	

Pol.	Parc.	Sub.	Nº. prop.	Propietario/a	Gravame	Beneficiario/a
1	434		132		USUFRUTO	
1	437		127		USUFRUTO	
1	450		24		USUFRUTO	
1	461		127		USUFRUTO	
1	465		127		USUFRUTO	
1	469		127		USUFRUTO	
1	478		24		USUFRUTO	
1	482		127		USUFRUTO	
1	506		17		USUFRUTO	
2	4		24		USUFRUTO	
2	12		132		USUFRUTO	
2	19		127		USUFRUTO	
2	24		24		USUFRUTO	
2	27		132		USUFRUTO	
2	36		127		USUFRUTO	
2	45		127		USUFRUTO	
2	54		132		USUFRUTO	
2	57		24		USUFRUTO	
2	62		127		USUFRUTO	
2	69		24		USUFRUTO	
2	76		132		USUFRUTO	
2	82		127		USUFRUTO	
2	94		132		USUFRUTO	

Pol.	Parc.	Sub.	Nº. prop.	Propietario/a	Gravame	Beneficiario/a
2	97		24		USUFRUTO	
2	101		24		USUFRUTO	
2	104		132		USUFRUTO	
2	113		127		USUFRUTO	
2	138		127		USUFRUTO	
2	140	1	24		USUFRUTO	
2	144		132		USUFRUTO	
2	144		132		ARRENDAMENTO	
2	145		55		ARRENDAMENTO	
2	153		76		ARRENDAMENTO	
2	154		112		ARRENDAMENTO	
2	157		79		ARRENDAMENTO	
2	161		81		ARRENDAMENTO	
2	166		6		ARRENDAMENTO	
2	167		5		ARRENDAMENTO	
2	168		60		ARRENDAMENTO	
2	169		81		ARRENDAMENTO	
2	178		88		USUFRUTO	
2	182		88		USUFRUTO	
2	207		88		USUFRUTO	
2	217	1	88		USUFRUTO	
3	10		24		USUFRUTO	
3	13		132		USUFRUTO	

Pol.	Parc.	Sub.	Nº. prop.	Propietario/a	Gravame	Beneficiario/a
3	22		127		USUFRUTO	
3	28		26		USUFRUTO	
3	31		24		USUFRUTO	
3	46		7		USUFRUTO	
3	47		26		USUFRUTO	
3	52		132		USUFRUTO	
3	70		24		USUFRUTO	
3	74		24		USUFRUTO	
3	93		26		USUFRUTO	
4	10		27		USUFRUTO	
4	24		27		USUFRUTO	
4	33	6	26		USUFRUTO	
4	69		27		USUFRUTO	
4	99		26		USUFRUTO	
4	103		26		USUFRUTO	
4	110		27		USUFRUTO	
4	115		127		USUFRUTO	
4	180		27		USUFRUTO	
4	184		27		USUFRUTO	
4	197		26		USUFRUTO	
4	221		27		USUFRUTO	
4	233		26		USUFRUTO	
4	239		26		USUFRUTO	

Pol.	Parc.	Sub.	Nº. prop.	Propietario/a	Gravame	Beneficiario/a
4	241		27		USUFRUTO	
4	258		26		USUFRUTO	
4	261		27		USUFRUTO	
4	271		26		USUFRUTO	

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 7

RELACIÓN DE DEREITOS DE PLANTACIÓN DE VIÑEDOS OU OUTROS CULTIVOS

Na zona de reestruturación parcelaria de Riomol non hai plantados viñedos nin outros cultivos afectados por un dereito de plantación.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 8

RELACIÓN DE PARCELAS EXCLUÍDAS, INCLUÍDAS E RESERVADAS

RELACIÓN DE FINCAS PROPOSTAS PARA EXCLUSIÓN:

POLÍGONO	PARCELA
1	1
1	6
4	122
4	123
4	124
4	125

RELACIÓN DE FINCAS PROPOSTAS PARA INCLUSIÓN:

POLÍGONO	PARCELA
2	219
2	220
2	221

PROPOSTAS DE RESERVA:

Non se propón a reserva de ningunha parcela de achega que, por razón de melloras excepcionais, polo seu valor extraagrario ou por algunha outra circunstancia motivada, non teña equivalente compensatorio sen prexuízo para a persoa titular.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 9

RELACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

No Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de Riomol (Castroverde,Lugo), xa exposto ao público, no parágrafo 2.3 (Sistemas agrarios na zona de reestruturación) expónse un estudo pormenorizado das explotacións agrarias da zona.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 10

RELACIÓN DE AGRUPACIÓNS DE TITULARES

Na zona de reestruturación parcelaria de Riomol, ata a data de terminación destas bases, non se presentou por ningún propietario ou interesado solicitude para a constitución de agrupacións de titulares.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 11

RELACIÓN DE SOLICITUDES DE INSCRICIÓN NO PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA

Na zona de reestruturación parcelaria de Riomol, ata a data de terminación destas bases, non se presentou por ningún propietario ou interesado solicitude de inscrición no plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 12

RELACIÓN DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, MONTES DE UTILIDADE PÚBLICA E OS DE XESTIÓN PÚBLICA

Na zona de reestruturación parcelaria de Riomol non consta a existencia de montes veciñais en man común, nin de montes de utilidade ou xestión pública.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 13

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DAS ADMINISTRACIÓN AFECTADAS POLO PROCESO

Na relación de bens e dereitos das administracións afectadas polo proceso de reestruturación parcelaria de Riomol podemos incluír os seguintes:

- O Concello de Castroverde, que figura como propietario núm. 21 do expediente, ten o seu nome seis parcelas: no polígono 1 a 4; no polígono 2 a 2-2, 70 e 179; no polígono 3 a 98 e no polígono 4 a 80-2.

- Polo demais, non hai constancia de máis bens e dereitos de administracións públicas afectados polo proceso, agás as vías de dominio e uso público. Para todas elas rexe a lexislación específica na materia.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)


ANEXO 14

ESTUDO DE IMPACTO DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

1.	Datos xerais.....	2
2.	Caracterización da actividade.....	3
3.	Caracterización da paisaxe.....	3
4.	Caracterización do proxecto.....	6
5.	Impactos do proxecto.....	6
6.	Valoración de impactos e grado de afectación e reversibilidade.....	7
7.	Valoración da estratexia de integración paisaxística. Alternativas analizadas.....	9
8.	Xustificación do cumprimento das determinacións contidas na lexislación vixente en relación coa protección, xestión e ordenación da paisaxe.....	11

1. Datos xerais

A escala da actuación do presente estudo de integración paisaxística límitase a escala do proxecto, é dicir, ao perímetro que delimita a zona de reestruturación parcelaria da zona de Riomol (Castroverde – Lugo), promovido pola Consellería do Medio Rural.



Perímetro da zona de actuación sobre ortoimaxe PNOA cedida por IGN

Os límites da zona de actuación son:

Norte:

- Parroquia de San Cosme de Barreiros (Castroverde – Lugo)
- Parroquia de Santiago de Masoucos (Castroverde – Lugo)

Sur:

- Parroquia de San Estevo de Furís (Castroverde – Lugo)
- Parroquia de San André de Mirandela (Castroverde – Lugo)
- Terreo excluído da propia zona de San Pedro de Riomol.

Leste:

- Parroquia de San Lorenzo de Pousada (Baleira – Lugo)

Oeste:

- Parroquia de San André de Mirandela (Castroverde – Lugo)
- Parroquia de Sata Mariña de A Pumarega (Castroverde – Lugo)
- Parroquia de San Cosme de Barreiros (Castroverde – Lugo)

A zona abrangue 517,73 ha da parroquia de Riomol, no Concello de Castroverde (Lugo).

Neste perímetro, non foi incluído todo o terreo pertencente á parroquia de Riomol. Excluíronse deste procedemento aquelas masas arbóreas de autóctonas formadas maioritariamente por castiñeiros, carballos e bidueiros.

Estas masas, teñen un escaso valor produtivo pola súa pendente e calidade do terreo, pero si teñen un valor paisaxístico pola cobertura arbórea que posúen.

A superficie agraria útil da zona é de 300 ha e dedícase a varios sistemas de cultivo, sendo o predominante o sistema agrario intensivo combinando raigrás italiano e millo. En menor entidade están as pradarías bianuais e de mais longa duración e algunha que outra pradaría natural para pastoreo.

A superficie forestal en parte está adicada a masas produtoras (arredor de 162 ha) fundamentalmente de pino e eucalipto e o resto serían frondosas autóctonas, nalgúns casos dispersas en ribazos e bordes de fincas e ocupando normalmente as zonas de maior pendente.

O medio físico da zona de reestruturación descríbese no Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (POPEVA).


2. Caracterización da actividade

Ao redor dos núcleos desenvólvese a actividade agrogandeira presentándose un mosaico de prados e cultivos de horta ao carón das vivendas que van tornándose en so prados (ou prados e millo en verao e outono) segundo nos afastamos do núcleo. Na zona perimetral da parroquia agrúpanse as terras dedicadas a explotación forestal, sendo os xéneros predominantes o *eucalyptus* e o *pinus*.

3. Caracterización da paisaxe

A paisaxe tradicional da zona conformase ó redor a dous factores principais:

- A acción do home sobre a cuberta vexetal, que veu gañando terras fundamentalmente para cultivos e pastizais, e deu lugar á creación de asentamentos que hoxe plásmanse nunha, case que continua, presenza de núcleos rurais diseminados ao longo da zona, e que contan con distintos niveis de conservación da arquitectura e disposición tradicional.
- A xeomorfoloxía, cun relevo moderado en toda a zona; dende as cotas máis baixas nas vagadas das canles e arredor dos núcleos principais de poboación ata chegar a cotas de 700 metros na parte suroeste da zona onde predomina o terreo forestal. Na seguinte imaxe represéntase graficamente.



Relevo, hidrografía e vías de comunicación actuais

Como consecuencia da interacción destes dous factores a paisaxe resultante está conformada por varias unidades ben diferenciadas, que ós efectos do presente estudo, diferenciáronse en tres:

- **Sistema agrario (superficie de cultivo):** ao redor dos núcleos de poboación concéntranse a meirande parte das leiras dedicadas a cultivo ou prado. Trátase de leiras con pouca pendente, destinadas a pradería fundamentalmente, con escaso arborado disperso as veces formando aliñacións nos laterais dos camiños ou sebes. Representan o 61,2 % da superficie de actuación.




Plantacións forestais: representa o 33,0 % da superficie de actuación. Nesta unidade englobanse as zonas destinadas a terreo forestal onde predominan as especies forestais, ven sexa, que procedan de sementeira, rebrote ou plantación. A plantación predominante é o eucalipto e piñeiro.



Na imaxe obsérvase ao fondo a unidade de paisaxe plantación forestal precedida do que sería a unidade bosque.

- **Bosque:** son pequenos enclaves onde destaca a presenza de especies autóctonas. A especie predominante é o carballo, existindo tamén algunha plantación de castiñeiro. Supoñen o 5,8 % da superficie da zona.





Unidades de paisaxe na zona de actuación

4. Caracterización do proxecto

A reestruturación parcelaria consiste nunha serie de actuacións que teñen como obxectivo final o aumento da superficie das unidades de cultivo, có fin de incrementar a rendibilidade das explotacións e favorecer a súa viabilidade.

As actuacións de maior relevancia que poden incidir sobre a paisaxe son: a construción de novos camiños, o acondicionamento de camiños existentes e a construción de entradas a fincas que queden a distinto nivel que o camiño que lle da servizo.

As consecuencias indirectas do proceso poden ser a desaparición temporal de arborado ata a súa nova distribución e a desaparición de muros e sebes tradicionais o aumentar o tamaño das leiras.

5. Impactos do proxecto

O tratarse especificamente de impacto sobre a paisaxe, expóranse unicamente os rexistrados na fase de explotación; as fases de formulación e execución teñen, comparativamente, pouca importancia no mesmo pola súa menor extensión no tempo. Os impactos previstos sobre a paisaxe son os seguintes:

- Presenza de novas pistas
- Desaparición do arboredo das beiras dos camiños e sebes
- Aumento da uniformidade polo incremento de tamaño das leiras
- Desarborado motivado polo cambio de titularidade das leiras.
- Plantacións arbóreas en terras agrarias

A fragilidade das unidades que compoñen esta paisaxe fronte ás actuacións previstas considerase baixa, dado que:

- En ningún caso se incorporan elementos de distinta natureza ós xa existentes (xa existen camiños na paisaxe orixinal)
- A maioría dos camiños proxéctanse en saburra polo que a cor será a mesma dos camiños primitivos. Os que circunvalan os núcleos asfaltarán polo que serán das mesmas características cos existentes.
- A lonxitude total proxectada de este tipo de camiños en toda a zona é de 17,3 km, repartida en 25 camiños.
- O mosaico existente de leiras con e sen arborado provoca un impacto visual que será paliado co plan de ordenación de predios de especial vocación agraria previo ás Bases de reestruturación parcelaria.

6. Valoración de impactos e grado de afectación e reversibilidade

O grado de afectación dos distintos impactos dependerá da superficie relativa da unidade de paisaxe sobre a que actúe. A continuación valóranse os impactos en función das unidades da paisaxe.

6.1. Presenza de novas pistas

6.1.1. Sistema agrario (superficie de cultivo)

- Valoración: O maior impacto producirase nesta unidade onde serán mais visibles as pistas, aínda que, en calquera caso, será moderado ó tratarse de camiños en zorra na súa meirande parte.
- Reversibilidade: Irreversible

6.1.2. Plantacións forestais (plantación forestal)

- Valoración: O impacto é compatible ó quedar ocultas as pistas polo crecemento das árbores, nun período de tempo relativamente curto.
- Reversibilidade: Reversible a curto prazo.

6.1.3. Bosque

- Valoración: O impacto é compatible porque as pequenas masas de autóctonas situadas dentro do perímetro a reestruturar trataranse coma un subperímetro e procuraranse adxudicar aos seus respectivos titulares para a súa conservación. O plan de obras ten unha afectación mínima sobre estas masas xa que as trazas do camiños novos, nesa zona, deséñanse mantendo e ampliando os antigos.
- Reversibilidade: Reversible a curto prazo.

6.2. Desaparición do arborado existente nas beiras dos camiños e sebes

6.2.1. Sistema agrario (superficie de cultivo)

- Valoración: as sebes non son abundantes pero onde existen podería producirse un impacto moderado se non se aplican medidas correctoras.
- Reversibilidade: Reversible a medio prazo.

6.2.2. Plantacións forestais (plantación forestal)

- Valoración: Esta unidade non se ve afectada polo efecto.

6.2.3. Bosque

- Valoración: O impacto será compatible dado que as principais masas de frondosas da parroquia de Riomol quedaron excluídas do procedemento de reestruturación e as pequenas masas existentes dentro do perímetro, e que se manteñen no POPEVA, trataranse de restituír aos seus respectivos titulares para a súa conservación.

6.3. Aumento de uniformidade polo incremento de tamaño das leiras

6.3.1. Sistema agrario (superficie de cultivo)

- Valoración: Impacto moderado.
- Reversibilidade: Irreversible.

6.3.2. Plantacións forestais (plantación forestal)

- Valoración: Esta unidade non se ve afectada polo efecto.

6.3.3. Bosque

- Valoración: O impacto será compatible dado que unha zona de exclúe e na outra consérvase o trazado do camiño existente.

6.4. Desarborado de leiras plantadas

6.4.1. Sistema agrario (superficie de cultivo)

- Valoración: Non se produce impacto

6.4.2. Plantacións forestais (plantación forestal)

- Valoración: O impacto pode chegar a ser moderado en función da superficie que ocupe a superficie desarborada ó mesmo tempo.
- Reversibilidade: Reversible a medio prazo.

6.4.3. Bosque

- Valoración: O impacto será compatible dado que unha zona se exclúe e na outra consérvase o trazado do camiño existente.

6.5. Plantacións arbóreas en terras agrarias

6.5.1. Sistema agrario (superficie de cultivo)

- Valoración: Podería ser severo se non se aplican medidas correctoras.
- Reversibilidade: Reversible.

6.5.2. Plantacións forestais (plantación forestal)

- Valoración: Non se produce impacto.

6.5.3. Bosque

- Valoración: Non se produce impacto.

7. Valoración da estratexia de integración paisaxística. Alternativas analizadas.

As estratexias de integración paisaxística a aplicar serán:

7.1. Exclusión do proceso das zonas de maior valor ambiental (e paisaxístico)

Non se considera necesario propor a exclusión de ningunha masa de especies autóctonas, maioritariamente carballo, incluídas dentro da unidade de paisaxe masas arbóreas coa predominancia de autóctonas, posto que son pequenas e procuraranse restituír aos seus respectivos titulares.

7.2. Conservación de camiños existentes.

Proxéctase o trazado aproveitando a maior percorrido tecnicamente viable dos camiños existentes para minorar o impacto ambiental e visual. (6 km descorren sobre camiños actuais, o que supón o 35 %)

7.3. Extensión de terra vexetal sobre os noiros

Na construción das pistas de concentración, cubriranse os noiros de terraplén con terra vexetal provinte da apertura dos novos camiños. Isto ocasionará unha rápida revexetación coas mesmas especies existentes, que ademais de evitar a erosión contribuirán á adaptación có entorno facendo menos visible a actuación nun período moi curto de tempo.

7.4. Conservación dos camiños asfaltados existentes.

Os camiños asfaltados existentes conservarán o seu trazado, na maioría dos casos. Efectuaranse pequenas actuacións no seu trazado (eliminación ou mellora na visibilidade dalgunha curva, mellora da pendente, visibilidade en cruces ... etc) co obxectivo de mellorar a seguridade dos usuarios.

7.5. Fomento do intercambio de plantacións

Incidirase neste aspecto en tódalas reunións con propietarios para evitar a deforestación no momento da toma de posesión das novas leiras. Consiste nun acordo, ben económico ou ben de intercambio, entre o propietario que achegou unha leira plantada e o adxudicatario dunha leira de substitución que inclúe a aquela e cuxa intención é plantala de novo. Ademais informarase da obriga de obter permiso para calquera corta parcial ou total en masas de exemplares autóctonos

7.6. Plan de ordenación de predios

Este instrumento permitirá unha reorganización da paisaxe a medio prazo, evitando a frecuente aparición de leiras plantadas entre leiras de cultivo.

7.7. Vixilancia e control

Á finalización das obras e durante os dous anos seguintes á finalización das mesmas, controlarase a alteración dos compoñentes da paisaxe, de forma especial que non existen restos de materiais empregados na obra ou calquera outra circunstancia que poda afectala negativamente. Controlarase a alteración dos compoñentes da paisaxe, de forma especial as sebes, cordóns arbóreos e cumprimento do plan de cultivos.

Como xa se expuxo, a construción de camiños é unha consecuencia necesaria da nova distribución do terreo, e do cumprimento do artigo 60 da Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia na que se dispón a aprobación dun *plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria*. Deste xeito, o plan de obras queda estreitamente vinculado á nova distribución dos predios, sometida á súa vez a sucesivas enquisas có fin de acadar a aceptación da meirande parte dos propietarios involucrados no proceso.

8. Xustificación do cumprimento das determinacións contidas na lexislación vixente en relación coa protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Redáctase o presente anexo para dar cumprimento do disposto no artigo 11 da *Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia* e no artigo 22. da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*.

A zona de estudo non se ve afectada polo *Plan de Ordenación do Litoral (Orde do 23 de xullo de 2010)*, polo que non existe outra figura legislativa relacionada coa paisaxe que a citada Lei 7/2008.

BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

ANEXO 15

RELACIÓN DE COMPROMISOS ASINADOS PARA NOVOS PROXECTOS AGRARIOS


Na zona de reestruturación parcelaria de Riomol, ata a data de terminación destas bases, non se presentou ningún compromiso de novos proxectos agrarios por parte de ningún propietario ou interesado na mesma.

**BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL
(CASTROVERDE-LUGO)**

ANEXO 16

**RESOLUCIÓN DO ÓRGANO AMBIENTAL RESPECTO DA
AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL**

EIA 081 - T44 012



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, EN DATA 1 DE OUTUBRO DE 2012 RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN PEDRO DE RIOMOL, NO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE: 2009/0059)

ANTECEDENTES

Por solicitude dos veciños da parroquia de San Pedro de Riomol en Castroverde - Lugo, a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (*actualmente Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural*) iniciou o proceso de concentración parcelaria na devandita parroquia. A zona a concentrar ten unha superficie aproximada de 627,35 hectáreas.

A zona de concentración limita:

- Norte: Parroquia de Santiago de Masoucos e Parroquia de San Cosme de Barreiros.
- Sur: Parroquia de Santo Estevo de Furís e Parroquia de Santo André de Mirandela.
- Oeste: Parroquia de Santa Mariña de A Pumarega.

Dadas as características do proxecto cualificouse como sometido ó trámite de Avaliación de Impacto Ambiental, ó estar incluído no anexo III do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos, cabe destacar, entre outros os seguintes aspectos:

1. A superficie afectada pola concentración é relevante.
2. A maior parte da zona a concentrar presenta unha orografía accidentada, o que unido á escasa potencia dos solos, incide en que en máis do 90% da superficie existan perigos potenciais de erosión.
3. A totalidade da superficie intégrase na Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
4. Máis do 50% da zona estudada está ocupada por masas forestais, das que unha gran parte son frondosas autóctonas, así mesmo, tamén están presentes diversos hábitats naturais de interese comunitario como: *ríos de pisos de planicie a montano, con vexetación de Ranunculion fluitantis e de Callitriche-Batrachion, breixeirás secas europeas, praderías pobres de sega de baixa altitude, tragas aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior, Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae, Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica, soutos de Castanea saliva e rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo Albi-Veronicion Dillenii.*
5. No estudo ambiental indícase a presenza na zona, de diversas especies ameazadas como a rula (*Streptopelia turtur*), o picanzo vermello (*Lanius collurio*), a ra (*Rana ibérica*), a lagarta (*Iberolacerta monticola*) e o escornaboís (*Lucanus cervus*), así mesmo, aínda que a superficie óptima, de aniñamento de gatafornelas e tartarañas cincentas e moi escasa na zona de concentración, non se pode desbotar que empreguen as zonas abertas, como áreas de caza.
6. Os labores de movementos de terra, talas e desbastes de madeira e as modificacións de pendentes e cuncas asociadas á execución dos camiños, poden xerar procesos erosivos e de arrastre de partículas, que acaben nas canles da zona.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO, 15 OUT. 2012
Asdo.: Ana Freitas López

EXHIBENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.



7. O proceso de concentración parcelaria podería inducir danos nos elementos do patrimonio cultural identificados na zona de estudo, entre os que se atopan diversos castros e mámoas de orixe prerrománica.

No **Anexo I** da presente Declaración inclúese un resumo da actuación e das características da zona de concentración e no **Anexo II** un croquis da zona a concentrar.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data de 4 de xullo de 2011 publicase no DOG (nº 127) a Resolución do 9 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental da Zona da concentración parcelaria de Riomol (Castroverde – Lugo), durante este período foron presentadas alegacións por parte de particulares, tendo en conta no condicionado desta Declaración de Impacto Ambiental e, no que procede, as que teñen carácter ambiental.

Con data de ... de de ... complétase o expediente ambiental, no que se inclúe o certificado de exposición pública, e os seguinte informes, dos distintos organismos consultados:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Montes	x	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza		x
Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Confederación Hidrográfica do Miño – Sil	x	
Concello de Castroverde		x

Cumprimentada a tramitación, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula a Declaración de Impacto Ambiental do Estudo de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Riomol, sita no Concello de Castroverde (Lugo), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da referida zona é ambientalmente viable, sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental (EIA), sen prexuízo do cumprimento de outras normas vixentes que poidan impedir ou condicionar a súa realización. No caso de que exista contradición entre o indicado no Estudo e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento do estipulado nesta DIA, se sé manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo, poderá ditir, aos sós efectos ambientais, condicións adicionais ás establecidas neste documento.

Estas condicións poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ó medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade,

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Santiago, 15 OUT. 2012

Art.º Ana Freltas López



sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins da DIA. Neste caso o promotor proporá ó órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso unha solicitude de modificación das condicións establecidas na DIA e/ou no EIA, achegando tamén toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións aprobadas nesta Declaración e que a relación das novas medidas propostas cumpren cos obxectivos e fins da Declaración. As obras non poderán comezar ata que se reciba unha comunicación desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Así mesmo, tal e como se recolle nesta Declaración, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma e completarán a tramitación ambiental da concentración parcelaria:

- o Programa de Vixilancia Ambiental, que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.
- o Proxecto de Integración Paisaxística.
- o Proxecto arqueolóxico das obras a realizar (Avaliación de Impacto Cultural).

Para todo o contido nesta Declaración entenderase por:

- o Fase de formulación, a realización dos seguintes documentos:
 - Respecto da distribución das parcelas: o Proxecto e o Acordo de concentración parcelaria.
 - Respecto da execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e Outros Proxectos de Obras Complementarias (se os houberse).
- o Fase de Execución:
 - Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
 - Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
 - Construción de obras complementarias.
- o Fase de Explotación.
 - Execución do acordo: toma de posesión das novas fincas.
 - Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
 - Uso das obras complementarias.

1.-ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ó Proxecto da Zona de Concentración Parcelaria de Riomol, tal e como se describe no documento Estudo de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Riomol, sita no (Concello de Castroverde. Lugo).

A zona de estudo está delimitada e definida nos Planos nº 1, "Situación e Localización" e nº 10,

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Santiago.

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Neitas López



"Directrices ambientais da concentración", do Estudo de Impacto Ambiental.

2.-PROTECCIÓN DO SOLO.

2.1.-Fase de formulación

2.1.1. Movementos de terras.

Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, tanto se é para reempregar posteriormente como se é para o seu depósito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan na contorna ociosos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados na contorna. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudo ambiental, nin nas sinaladas polos informes sectoriais:

- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 9230 e denominado Bosque galaico-portugueses de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 4030 e denominado Uceiras secas europeas.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 4090 e denominado Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
- Bosques de ribeira que constitúen representacións do Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 91E0* e denominado Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno – Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).
- Ámbitos fluviais que constitúen representacións do Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 3260 e denominado Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitrichio-Batrachion*.
- Masas de especies frondosas autóctonas, na súa maioría carballeiras e soutos; que constitúen representacións do antedito Hábitat de Interese Comunitario de código 9230 e do Hábitat de Interese Comunitario codificado como 9260 e denominado Bosques de *Castanea sativa*.
- Ámbito do Dominio Público Hidráulico, incluíndo zonas de Policía e Servidume.
- Elementos do Patrimonio Cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección.

Neste marco cabe recomendar que a proposta definitiva da rede de camiños debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.

Se houber sobrantes procedentes de movementos de terras, previo ao seu depósito nos lugares seleccionados, deberase contar cos correspondentes permisos.

En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobrantes de terra.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
LUGO, Galicia. Para ler e constatar que a presente
é unha copia fiel do original.

Santiago.

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Freixas López



2.1.2. Rede de camiños.

O proxecto presentado xa conta cunha proposta de rede de camiños, esta deberá axustarse ás condicións establecidas no Estudo de Impacto Ambiental (EIA) presentado e en todo caso:

- o Excluiranse de toda afección os hábitats prioritarios reflectidos no punto 2.1.1 e sempre que sexa técnica e economicamente viable non se afectará ó resto dos elementos sinalados no antedito punto 2.1.1.
- o Excluirase de toda actuación o ancho da ocupación dos cursos fluviais e das canles, xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira e as zonas de exclusión delimitadas no EIA; salvo nos casos de cruzamento da rede fluvial, nos que as estruturas de paso respectarán a vexetación de ribeira, as marxes e a canle fluvial; situando os seus estribos, polo menos, a 5 m das marxes.
- o Aproveitaranse ao máximo os antigos camiños, para o trazado das novas pistas.
- o Deberán axustarse á topografía do terreo para minimizar o movemento de terras; procedendo á delimitación do trazado dos mesmos con anterioridade á execución.

2.2.-Fase de obras

2.2.1. Materiais de préstamos e canteiras.

No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para bases, subases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado anteriormente, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, sempre que sexa técnica e economicamente viable empregaranse tecnosolos ou solos reciclados, se isto non fose posible, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes deberán ser restaurados ó remate da obra.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas. En calquera caso deberá ser adecuadamente xestionada para garantir a súa conservación.

No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...etc) para evitar a proxección de fragmentos de rocha á contorna. En calquera caso, se esta se producise, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamentos autorizados.

2.2.3. Construcións.

Balizaranse todas as zonas de exclusión, co obxecto de minimizar os impactos aos ecosistemas fluviais e teselas de especies frondosas autóctonas.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Santiago.

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Fréixas López



De ser preciso o emprego de formigón, evitarase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

3.-PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS.

3.1.-Fase de formulación.

Deberase excluír do proceso de concentración parcelaria as áreas que presenten afeccións ás concas, incluíndo a vexetación de ribeira e as súas zonas de servidume, así como os ecosistemas fluviais e incluíndo as formacións que constitúan hábitat de interese comunitario de código 9230 (carballeiras galaico - portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*).

Deberanse definir os cruzamentos da rede de pistas propostas coas correspondentes concas e subconcas, diferenciando as pistas existentes, a asfaltar, en terra e as novas pistas, indicándose as solucións a adoptar e a cartografía a escala axeitada. O respecto disto, atenderase o sinalado no punto 2.1.2. desta DIA e, se se precisase, sinalaranse as medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias a adoptar.

De forma previa ao inicio das obras elaborárase un Estudo hidrolóxico, sobre o posible efecto da limpeza das canles existentes, modificación do réxime hidrolóxico dos ríos e o seu efecto sobre estas áreas con asolagamento fixo e temporal; incluírase igualmente un estudo do posible efecto barreira das infraestruturas (pistas de concentración de nova creación) sobre zonas inundables de alto valor ecolóxico; todo elo considerando que o réxime de asolagamento debe manterse, na medida do posible, tal e como está na actualidade, non debendo as obras proxectadas modificálo en ningún sentido.

Por último deberá remitirse á Dirección Xeral de Conservación da Natureza e á Confederación Hidrográfica do Miño - Sil para a súa avaliación e informe.


Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Confederación Hidrográfica do Miño - Sil. Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio). Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico do Norte I.

3.2.-Fase de obra e explotación.

Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humidais, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, entre as que se atopan as seguintes:

- o No caso de pistas que atravesen cursos de auga, deberase considerar o seguinte:
 - Nos lugares onde se vaian colocar infraestruturas de paso de augas, tanto na entrada, como na saída e nas marxes, deberanse habilitar balsas de decantación co obxecto de reter os arrastres de escurreita.
 - Para o cruzamento de canles utilizaranse, preferiblemente, obras de paso tipo ponte ou pórtico, fronte a pasos tipo marco ou tubo con fin de manter os leitos no seu estado natural. No caso de empregar este último tipo de estruturas, a parte inferior deberá quedar polo menos 40 cm por debaixo de leito do río e a

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059





súa pendente non superará o 1% (sempre que as características do terreo o permitan), debendo evitarse á saída da estrutura un salto que provoque o socavado do leito fluvial augas abaixo.

- Evitarase a creación de obstáculos ó movemento da fauna acuática e terrestre.
- Nas zonas de obra próximas a cursos de auga, nas que sexa preciso o emprego de formigón ou cemento, habilitaranse balsas de decantación para evitar calquera vertedura destes materiais, mesturados ou non con auga. Preverase o seu emprego tamén para o caso de arrastres de terras por escorrega.
- Nos pés dos terrapléns disporase unha gabia ou foxo que recolla as augas de escorreita e as transporte, se fose preciso, a balsas para o seu tratamento previo á vertedura cara a rede fluvial. Coa mesma finalidade executaranse galias perimetrais nos vertedoiros ou terras sobrantas. Aportarase o emprazamento destas balsas de decantación, descrición do sistema de drenaxe e as coordenadas do punto de vertedura.
- En ningún caso os vertidos de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos en suspensión procedentes de instalacións, se verterán directamente ao terreo ou aos cursos de auga. Planificaranse medidas para prever estas situacións.
- A realización dunha serie de ensaios en situación preoperacional; deste xeito marcarase a calidade mínima esixible trala finalización das obras e durante a fase de explotación, na busca duns niveis óptimos de calidade.
- Calquera vertido á rede fluvial, deberá contar coa autorización expresa de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Co obxecto de prever fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. Así mesmo, no modelado dos noiros evitaranse as formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer así a integración coa paisaxe.
- Adoptaranse as medidas oportunas de xeito que a erosión das plataformas dos viais e das galias sexa mínima. Do mesmo xeito executaranse dissipadores de enerxía e barreiras de sedimentos nos puntos de desaugadoiro dos viais (bueiros).
- Calquera afección que se poida producir sobre os sistemas fluviais e a súa contorna debe ser eliminada de modo que se garanta a súa protección e conservación. Ademais da proteccións derivadas das lexislacións anteriores, será de aplicación a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- Deberase manter intacta a vexetación riparia existente, evitando, na medida do tecnicamente posible, calquera afección sobre as formacións arbóreas autóctonas e sobre as comunidades asociadas á estrutura interna e externa do río. Facilitarase a conectividade da conca coas ribeiras e en ningún caso se alterarán as zonas de
- servidume dos cursos fluviais.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIGENCIA - Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu original.

Santiago,

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Freitas López



4.-XESTIÓN DE RESIDUOS.

Unha vez rematadas as obras, os lodos procedentes das anteditas balsas de decantación xestionaranse conforme á lexislación vixente (R.D. 833/1988 de residuos perigosos, modificado polo R.D. 952/1997), tendo que desmantelar as balsas de decantación e os restos de instalacións auxiliares construídas.

Todos os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte a vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso, deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases, ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos que, de ser o caso, deberá contar coa preceptiva autorización. Sempre que sexa posible estudarase a opción de compostar estes restos, No caso de que sexa depositada sobre o terreo procederase á súa trituración, espaxamento homoxéneo e incorporación ós solos mediante pase de grada ou fresa, diminuíndo así o risco de incendios forestais e evitando a aparición de pragas ou enfermidades.

Evitarase calquera actuación que leve asociado o vertido accidental de sustancias contaminantes na zona de concentración ou na súa contorna.

5.-PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E ESPAZOS PROTEXIDOS

5.1.-Fase de formulación

5.1.1.-Áreas con valores naturais.

Con anterioridade ao inicio das obras, precisarase as medidas de protección das distintas unidades ambientais definidas no EIA, coa correspondente achega cartográfica a cerca das zonas de exclusión; a cal deba constar de forma clara e precisa na documentación do Proxecto de Obras.

Porase en coñecemento do Servizo provincial de Conservación da Natureza o inicio das obras, para poder poñerse en contacto coa persoa responsable do seguimento ambiental, dende o inicio das actuacións.

De forma previa ao inicio das obras e tralos estudos de campo necesarios realizaranse os seguintes documentos, inherentes a os distintos Proxectos de Obras da zona de concentración parcelaria:

- o Respectarase íntegramente o hábitat natural prioritario 91E0* e o hábitat 9230. Por conseguinte, realizarase un inventario detallado de ambos hábitats e proponse a exclusión das anteriores unidades do proceso de concentración parcelaria. De non ser compatible co proceso de concentración parcelaria a exclusión de toda a superficie ocupada polo hábitat 9203, xustificarse dito feito mediante os datos procedentes do estudo de campo exhaustivo a realizar cara a súa delimitación, delimitando en base a ditos datos as unidades mais valiosas e menos alteradas desas superficies e excluíndoas do proceso de concentración; sendo adecuado condicionar no resto o tipo de uso.
- o Respecto da conservación das sebes e peches tradicionais, estimase necesaria a execución dunha proposta concreta, que será sometida a aprobación. No caso da

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago.

15 OUT. 2012



adecuación dos camiños, deberán respectarse estas formacións, polo menos nun dos bordes do viario antigo, intentando preservar o de maior valor ambiental.

- o Estímase imprescindible para o cruzamento de ríos, tanto por novas pistas como por adecuación das existentes, que se defina o ancho da vía, tipo de cruce e vexetación que se verá afectada.
- o Delimitación da localización das instalacións provisionais (zona ou zonas destinadas a caseta de obra, parque de maquinaria, amoreamento de materiais e terra vexetal, almacenamento de residuos...
- o Estudo de valoración das afeccións xeradas polos distintos Proxectos que conforman o proceso de concentración parcelaria ás especies de flora e fauna incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e inventariadas ou detectadas na zona de actuación.

Ditos estudos definirán proposta de medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias, que deberán estar definidas a nivel executable, constando a súa definición en memoria, planos e orzamento do documento.

Así mesmo, integraranse no Programa de Vixilancia Ambiental das obras aqueles procedementos necesarios para verificar a aplicación e grao de eficacia das referidas medidas.

Os devanditos estudos serán remitido de forma previa ao inicio das obras á Dirección Xeral de Conservación da Natureza e á Confederación Hidrográfica do Miño - Sil, para a súa valoración e informe.

Serán obxecto de especial atención no tocante á súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 2.1.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra. Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase á súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achado ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

Ademais do anterior, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar ó máximo posible as formacións arbóreas autóctonas, ecosistemas ligados á auga (turbeiras, lagoas, regos...), árbores e rodais singulares, as sebes, os lindeiros arborados e arbustivos de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos e ecotonos, as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente ás que estean incluídas nos Catálogos oficiais de especies ameazadas), os valados de pedra, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estaren contempladas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no Estudo de Impacto Ambiental.

Ó longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria e na configuración dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das recollidas no Estudo de Impacto Ambiental e as establecidas nesta Declaración, co fin de evitar ou minimizar a afección ós citados elementos.

En todo caso, tanto a tala de árbores como calquera outra actuación a desenvolver no ámbito do dominio público hidráulico deberán someterse, de forma previa ao seu desenvolvemento, os procedementos previstos polo regulamento do dominio público hidráulico (RD 649/1986, modificado polo RD 606/2003).

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIGENCIA: Para poder constar que é presente
fotocopia e reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago.

15 OUT. 2012



Terase en conta tamén a presenza de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do Concello e do órgano competente da administración autonómica. Esta afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona, de non ser así, estarase ó establecido no apartado 8.2.3 desta Declaración.

5.1.2.- Terreos forestais.

Na zona de actuación á que fai referencia o Estudo de Impacto Ambiental, non se afecta ningún monte veciñal en man común nin de xestión pública.

A reordenación da propiedade rústica en zonas forestais incluírá o deseño e posterior execución de infraestruturas e medidas preventivas mínimas fronte ós incendios forestais segundo o establecido na *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais*. Fomentarase a creación de Unidades de Xestión Forestais nestas áreas.

5.1.3.- Paso de animais.

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ó foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en ramplas de subida, facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos ou deixar canles de drenaxe que permitan a fuga de pequenos animais.

5.2.- Fase de obras e explotación.

5.2.1.- Xestión e protección da vexetación.

Recuperaranse as zonas abandonadas para o cultivo, eliminando o mato e recuperando os antigos viais, evitando a proxección dos novos a través de masas arborada de bosques climáticos de carballo e as formacións de frondosas autóctonas, incluíndose as áreas de influencia fluvial.

Dado que unha fracción da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, teranse en conta, nestes ámbitos, as seguintes medidas:

- o A eliminación de vexetación reducirase ó minimamente imprescindible, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ó balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestes labores.
- o En relación coa preservación do arboredo, estarase ó indicado no estudo ambiental e o establecido nesta DIA. Non obstante, para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ó disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previamente á corta de arbores, que será a estrictamente precisa, terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme ó disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.
- o De levarse a cabo, como traballos complementarios á concentración parcelaria repoboacións nas zonas forestais, estas axustaranse ó establecido na lexislación forestal e ambiental ó respecto, debendo contar, en todo caso, co informe favorable da

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Nelas evitarase a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e devasas para impedir unha doada propagación de incendios forestais. Non se poderán facer plantacións de eucalipto e piñeiros nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin en zonas con pendente superiores ó 40%, nin nas zonas indicadas no punto 2.1.1.

5.2.2. Presenza de Fauna.

Previamente aos labores de corta de arboredo ou roza de mato e formacións herbáceas verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés e ámbitos implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, atenderase á presenza de aves rapaces (na zona detectáronse varias especies que anían en árbores (*Milvus milvus*, *Bubo bubo*) e outras que o fan no chan (*Circus pygargus*, *Circus cyaneus*) ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación; entre as que merecen destacarse: *Gallinago gallinago*, *Scolopax rusticola*, *Vanellus vanellus*.

No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que as aves poidan finalizar con éxito o período reprodutor, establecendo un perímetro de seguridade de 500 metros onde se limitarán ó máximo posible as actuacións e o tráfico de maquinaria para garantir a tranquilidade das aves.

6.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

En relación coa protección do patrimonio cultural, estarase ao seguinte:

1. Deberase plasmar nunha cartografía a escala representativa os elementos e áreas de protección incluídos no PXOM de Castroverde (BOP núm. 98 de 29.04.2008) e subsidiariamente polo establecido no artigo 30 das NNCCSS de planeamento (DOG núm. 72, do 16.04.1991).
2. Dado que no EIA se propón unha rede de camiños, na que se contempla a execución dalgún camiño dentro das áreas de protección de bens do patrimonio cultural. En concreto o camiño nomeado F5, que aproveita o trazado dun camiño existente, proxéctase dentro da área delimitada como explotación aurífera O Caboal (GA27011100).
En consecuencia, no momento en que se defina a rede de camiños, elaboraranse unha Avaliación de Impacto de dito proxecto sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na ZCP, que deberá remitirse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, xunto co proxecto construtivo.
3. No deseño da rede de camiños, teranse en conta as seguintes consideracións:
 - o Non se poderán executar pistas de novo trazado, nas áreas de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.
 - o A execución e ampliación de pistas existentes nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, serán de carácter excepcional e, en todo caso requirirán a elaboración dun Estudo de detalle da contorna do elemento afectado, considerando este entorno como as áreas de protección definidas na normativa urbanística vixente no concello, e subsidiariamente as fixadas no artigo 30 das NNCCSS.
4. Previo ao inicio das obras deberá remitirse cada un dos Proxectos que desenvolvan o proceso de concentración parcelaria á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe e avaliación de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración parcelaria.
5. As anteditas avaliacións deberán contar cunha ficha individualizada de cada elemento, na que se fará constar: delimitación dos ámbitos de protección e o seu reflexo na

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Santiago.

15 OUT. 2012



fotografía aérea, na cartografía catastral, especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo e proposta de medidas protectoras e correctoras.

6. Unha vez informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, os documentos aos que se fai referencia nos puntos anteriores, deberá realizarse un **control e seguimento arqueolóxico** durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito da zona de concentración parcelaria.
7. Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do Patrimonio Cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación remitida (parque de maquinaria, instalación de casetas, acopios de terras e materiais).
8. No deseño dos Proxectos de Obras, Concentración e Acondicionamento de Fincas, deberase procurar a adopción das medidas oportunas que promovan a conservación, preservación e recuperación dos antigos camiños e corredoiras, valos de pedra, muros de peches tradicionais, etc..., que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.

7.-INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

7.1.- Criterios de Integración Paisaxística.

O proceso de concentración deberá basearse, na maior medida posible, no respecto dunha serie de aspectos que conforman a fisionomía propia do lugar, o que supón a aplicación das seguintes medidas:

- o Evitar ou minimizar a alteración da topografía natural e da rede hidrográfica.
- o Respetar e aproveitar na maior medida posible, o actual trazado dos camiños.
- o Procurar que a reorganización das propiedades nos implique a destrución de elementos vexetais, mesmo de peches ou valados de parcelas.
- o Prestar especial atención á conservación de hábitats prioritarios, especies arbóreas autóctonas (*Castanea sativa* e *Quercus robur*) e bosques ripícolas (*Betula celtibérica*, *Alnus glutinosa* e *Salix atrocinerea*).
- o Potenciar a función de corredor ecolóxico/natural asociada a cursos fluviais, sebes e lindeiros, preservando a súa funcionalidade e a súa calidade ecolóxica.
- o Intentar que as parcelas resultantes da agrupación manteñan as características morfolóxicas do parcelario de orixe.

Para dar cumprimento ao artigo 11.11 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no EIA inclúese un estudo da paisaxe coas especificacións da devandita Lei. As recomendacións de este estudo serán tidas en conta durante todo proceso de concentración, co obxectivo de garantir a non existencia de impactos paisaxísticos significativos.

Nesta fase do proxecto non é posible, verificar a adecuación do mesmo a algúns criterios de importancia, como son: a morfoloxía do parcelario resultante, a xeometría dos novos trazados propostos... Na redacción final do proxecto teranse en conta estes aspectos, co obxecto de garantir a non existencia de impactos paisaxísticos significativos.

7.2.-Proxecto de integración paisaxística.

Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e se orzamenten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



- En canto as especies a empregar:
 - Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en conta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de medio ambiente pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.
 - Deben ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, localización ou estación vai estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutrinte, etc.), e factores bióticos.
 - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, e dicir a competencia intra e interespecífica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose, ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc).
- No caso de que fose precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na media do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recomendase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.

7.3.-Deseño do novo parcelario

No deseño do novo parcelario, ademais de ter en conta no sinalado no punto 7.1 desta DIA, favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arboradas, valados de pedra, sebes, etc, para isto procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución ós citados elementos.

8.-CONDICIONS XERAIS.

8.1.-Fase de formulación

8.1.1.-Medidas para a redución de impactos.

Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como pode ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste sentido, daráselles información ós propietarios e notificaráselle por escrito á Xunta Local da Zona da obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente en

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Santiago.

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Freixas López



materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, de prevención e defensa contra os incendios forestais, conservación da superficie agraria e, en xeral, calquera outra lexistación que afecte ó uso e aproveitamento da terra.

Por outra banda, terase en conta o seguinte:

- Durante as fases de replanteo e execución deberanse efectuar os controis oportunos para garantir que non se produzan impactos imprevistos. No momento en que se detecten tomaranse as medidas oportunas para evitalo, comunicándoo ao correspondente Servizo de Conservación da Natureza, xunto coas medidas previstas a adoitar. En todo caso, paralizaranse aquelas obras susceptibles de producir a devandita afección, en tanto o organismo competente non se pronuncie.
- Evitaranse as formas demasiado artificiais no modelado dos noiros, procurando pendentes graduais e integradas coa paisaxe. Deberán estar protexidos contra fenómenos erosivos.
- Adoptaranse as medidas necesarias para evitar posibles desprendementos nas zonas de fortes pendentes, nas fases de acondicionamento, execución e explotación.
- Deberán asfaltarse as pistas con maior tránsito, de xeito que se evite a afección á vexetación pola emisión do po procedente do tránsito de vehículos pesados.

8.1.2.-Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello. O Concello de Castroverde, a través do seu representante na Xunta Local de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no *Título II: Normas Orgánicas da Lei de Concentración Parcelaria da Lei de Concentración Parcelaria*) velará polo cumprimento desta condición.

8.2.-Fase de obras e explotación

8.2.1.-Límites da zona de concentración parcelaria.

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración que se axustarán ao contido dos documentos ós que se fai referencia no punto 9.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

8.2.2.-Servizos e servidumes.

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo. De acordo coa Lei de Concentración Parcelaria, as fincas resultantes terán acceso directo a algunha vía existente ou de nova creación.

8.2.3.-Deterioro de infraestruturas, instalacións e servizos.

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



Santiago.

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Frías López



(incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ó estado previo ó inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes afectados polo deterioro poidan levar a cabo.

8.2.4.- *Uso sostible do territorio.*

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sustentabilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá estar axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no Estudo de Impacto e nesta Declaración e procurando un aproveitamento racional e sostible das parcelas. O deseño do plan de cultivos terá en conta os impactos que os cambios de usos de solo poidan ter no territorio, en especial, a transformación de terreo forestal en terreo agrícola para evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar á rede fluvial. En todo caso, atenderase ás posibles limitacións ou obrigas legais en canto ó acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa vixente e respecto dos elementos e áreas sensibles indicados no punto 2.1.1.

9.-PLAN DE SEGUIMIENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL

9.1.-Fase de formulación.

9.1.1.-Patrimonio cultural.

En relación á protección do patrimonio cultural remitiranse os seguintes informes, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a documentación avaliada.

- o Previamente ó inicio das obras de cada proxecto de execución que integra a concentración parcelaria (Proxectos de Rede Viaria, de Acondicionamento de Fincas e Proxectos de Obras Complementarias, se os houberse), o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto dos citados proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia.
- o Terase en conta que unha vez informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos ós que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito do proxecto deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ó inicio das obras, elaborárase un Proxecto Arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

9.1.2.-Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental.

Redactarase un novo programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ó longo da fase de formulación e todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O devandito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no Estudo de Impacto Ambiental e no



condicionado da Declaración, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido, permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración deberá designarse un responsable do cumprimento da mesma.
- Todas as medicións e ou analíticas do programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Fixaranse para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais, (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicarao a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No Programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** a redactar, incluírase un "Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estructuras de Drenaxe", coas medidas de control propostas, para o mesmo, no Estudo de Impacto Ambiental presentado e engadindo aquelas derivadas do informado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza; no que se refire á incidencia das obras sobre a calidade das augas superficiais. Concretará as analíticas de augas a realizar, puntos de mostraxe e frecuencia, seleccionando puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo da zona afectada, incluíndo nestas analíticas os parámetros que marca a lexislación vixente para o control da calidade das augas.

9.1.3.-Órganos a informar e documentación a remitir.

Previamente ó inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación o Proxecto de Camiños e Obras inherentes, o Proxecto de Acondicionamento e o Proxecto de Obras Complementarias (se o houbese). Nos proxectos remitidos recollerase unha análise das alternativas estudadas ó respecto e conterà un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas no EIA así como todas as cuestións derivadas do cumprimento das condicións desta Declaración, incluíndo delimitación do perímetro modificado, zonas de exclusión, superficie real de ocupación dos camiños, descrición das obras de drenaxe.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIXENCIA- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orxinal.

Santiago,

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Freixas López



transversal a executar, necesidade de utilización de explosivos, proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental.

No caso de que a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados poderán presentarse de forma que contemplan o total das obras ou que contemplan as obras realizadas en cada fase (un proxecto por fase).

9.2.- Fase de obras, informe final de obras e fase de explotación.

9.2.1. Programa de Vixilancia Ambiental.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** ó que se fai referencia ó longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ó disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

Durante a fase de replanteo das novas fincas e colocación dos marcos non será necesario a realización de ningún informe de **Vixilancia e Seguimento Ambiental**.

Durante a fase de execución de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

- a) Semestralmente:
- o Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
 - o Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA, incluíndo os resultados dos plans de seguimento do control da calidade das augas e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico, control da presenza de parellas reprodutoras de aves de interese actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados no punto 2.1.1, etc.
 - o Na memoria a realizar detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.
 - o Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas ós elementos e áreas sensibles sinalados no punto 2.1.1 da DIA.

Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

- b) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059



- o Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA.
- o Descrición detallada do estado final das obras realizadas, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e ós labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ó longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.
- o Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese sinaladas no punto 2.1.1 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.
- o Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indícarase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

Se durante a realización do programa de **vixilancia e seguimento ambiental** ó que se refire esta DIA se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas para emendalas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicaráo a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Tendo en conta os resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2012

Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito Basanta

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIXENCIA.- Para facer constar que á presenza
fotocopia e reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago.

15 OUT. 2012

Asdo.: Ana Frías López



ANEXO I

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN E DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

1.-DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.

O proceso de concentración parcelaria consta de tres partes ben diferenciadas (Plan de Concentración, Plan de Obras e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de xeitos moi diferentes e en distinto grao, aínda que todos eles se atopan intimamente ligados.

A continuación preséntanse, en forma de cadro, as diferentes etapas de cada un dos proxectos de concentración:

		ESTUDIOS PREVIOS	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
Proceso de concentración	Plan de Concentración	Levantamento topográfico	Replanteo de fincas de substitución	Posta en explotación das fincas de substitución
		Bases Provisionais		
		Bases Definitivas		
		Proxecto de concentración		
	Acordo de Concentración			
	Plan de Obras	Proxecto de Rede de Camiños	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
Plan de Acondicionamento de Fincas	Proxecto de Acondicionamento de Fincas	Execución das obras de acondicionamento de fincas		

As actuacións que supoñen un maior risco de operacións de maquinaria e risco de deterioro dos elementos ambientais, son o acondicionamento de fincas e o plan de obras.

2.-DESCRIPCIÓN DA ZONA A CONCENTRAR.

2.1.-Localización.

A zona de Concentración Parcelaria da parroquia de San Pedro de Riomol, obxecto do presente Estudo de Impacto Ambiental, localízase na zona suroriental do concello de Castoverde, na provincia de Lugo. A zona a concentrar ten unha superficie aproximada de 627,35 hectáreas integramente comprendidas na parroquia de San Pedro de Riomol.

A zona de concentración limita:

- Norte: Parroquia de Santiago de Masoucos e Parroquia de San Cosme de Barreiros.
- Sur: Parroquia de Santo Estevo de Furís e Parroquia de Santo André de Mirandela.
- Oeste: Parroquia de Santa Mariña de A Pumarega.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
 PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
 LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
 CLAVE: 2009/0059

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orxinal.

Santiago,

15 OUT. 2012



2.2.- Clima

A nivel climático, atopámonos cun réxime pluviométrico de transición entre mediterráneo e oceánico. A temperatura media anual sitúase nos 10,6°C. A precipitación media anual establécese entorno ós 1045,3 mm.

Segundo a clasificación de PAPADAKIS estamos ante un réxime de humidade Mediterráneo Húmido (ME), un réxime térmico Morno cálido (TE1) e un tipo climático Mediterráneo morno.

2.3.- Xeomorfoloxía e Xeoloxía

A nivel xeomorfolóxico atopámonos con dúas zonas ben diferenciadas. Unha primeira entorno ós lugares de Riomol e Vilacote, na parte suroccidental da área de Estudo, onde o terreo é algo accidentado, con pendentes moderadas e orientación sur. No resto do territorio atopámonos cun relevo accidentado con fortes pendentes e orientación variable, onde se sitúan os valores máis elevados de altitude.

A nivel xeolóxico os materiais predominantes na práctica totalidade da área de Estudo son esquistos con intercalacións areniscosas e cuarcíticas pertencentes á "Serie de Cándana Medio" do período Cámbrico Inferior. Tamén aparecen cuarcitas en puntos do límite oriental da concentración, e xa na zona oeste asociadas a cursos de auga permanentes, aparecen depósitos eluvio-aluviais; concretamente nas proximidades do rego de Riomol e do río Uriz.

2.4.- Edafoloxía.

A nivel edafolóxico identificáronse os seguintes tipos de solos: Leptosoles úmbricos en zonas puntuais elevadas ou de forte pendente, Regosoles úmbricos nas zonas máis elevadas e de maior pendente, Cambisoles húmicos en ladeiras e zonas máis baixas, e Fluvisoles úmbricos nas proximidades do rego de Riomol.

As clases agrolóxicas presentes van dende a clase III (terreos de laboreo permanente limitado) á clase VII (terreos que non admiten laboreo, pastoreo ou silvicultura). As clases maioritarias presentes son a clase IIes (presente nun 43,43% do territorio) e a Vles (presente nun 28,22%).

2.5.- Hidroloxía.

A nivel hidrolóxico a área de Estudo atópase encadrada na conca do Miño. Os principais cursos de auga existentes na área de Estudo son o rego de Riomol, o rego de Masucos, o rego da Travesa, o rego do Angueiro e o río Uriz. O río Uriz e o rego de Riomol son cursos de carácter permanente (non estacional).

Non existen almacenamentos superficiais como lagoas ou charcas.

2.6.- Medio biótico.


- Vexetación

A zona caracterízase pola importante presenza de masas forestais. As repoboacións produtoras con especies de crecemento rápido, principalmente piñeiros, ocupan unha gran superficie (20,83%), son tamén abundantes as masas constituídas por especies nobres ou autóctonas (24,25%). Tamén se atopan numerosas especies herbáceas asociadas ós aproveitamentos agrícolas e gandeiros..



ANEXO II

CROQUIS DA ZONA DE ACTUACIÓN



LÍMITE DA ZONA DE CONCENTRACIÓN

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE RIOMOL
 PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
 LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)
 CLAVE: 2009/0059


BASES DA ZONA DE REESTRUTUACIÓN PARCELARIA DE RIOMOL (CASTROVERDE-LUGO)

PLANOS


Plano núm. 1 Plano de situación e localización, varias escalas.

Plano núm. 2 Plano xeral. E: 1:4.000.



Plano núm. 3. Plano de parcelas e clases. E: 1:2.000 (Polígonos 1 a 4).



1:2.500.000




1:200.000 (Fuente: IGN)



1:20.000 (Fuente: IGN)

<p>FASE: BASES</p>							
<p>TÉRMO OU ZONA: SAN PEDRO DE RIOMOL</p>						<p>CONCELLO: CASTROVERDE</p>	
<p>PROVINCIA: LUGO</p>	<p>ESCALA: VARIAS</p>	<p>DATA: DECEMBRO 2025</p>	<p>ASISTENCIA TÉCNICA: SIAL INGENIERIA, S.L.</p>	<p>PLANO: 1</p>	<p>POLÍGONO:</p>		
<p>OBSERVACIÓNS:</p>							

DISTRIBUCIÓN DE POLÍGONOS




LEENDA

- Estradas e pistas asfaltadas
- Camiños ou pistas de terra
- Servidumes de paso
- Muro ou tapia
- Aramado
- Noiro
- Traída de auga particular
- Traída de auga municipal
- Fonte
- Liña de media tensión
- C.B.S. Condución eléctrica soterrada
- Saneamento Concello
- Ríos e regos continuos
- Regos discontinuos
- Canle de drenaxe soterrada
- Paraxes
- LUGARES Lugares
- Edificio vivenda
- Edificio agrícola
- Edificio social
- Edificio relixioso
- Edificio en ruínas
- Límite de Concello
- Límite de Parroquia

CLASES DE TERRA

- S.A.U. de Primeira
- S.A.U. de Segunda
- S.A.U. de Terceira
- S.A.U. de Cuarta
- S.A.U. de Quinta
- S.A.U. núcleo
- Monte de Primeira
- Monte de Segunda
- Monte de Terceira
- Monte de Cuarta
- Monte de Quinta
- Monte núcleo

BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA							
ZONA: SAN PEDRO DE RIOMOL				CONCELLO: CASTROVERDE			
PROVINCIA: LUGO	ESCALA: 1/4.000	DATA: DECEMBRO 2025	ASISTENCIA TÉCNICA: SIAL INGENIERIA, S.L.	PLANO: 2	POLÍGONOS:		
OBSERVACIONES:							



DISTRIBUCIÓN DE POLÍGONOS




CLASES DE TERRA


	S.A.U. de Primeira		Monte de Primeira
	S.A.U. de Segunda		Monte de Segunda
	S.A.U. de Terceira		Monte de Terceira
	S.A.U. de Cuarta		Monte de Cuarta
	S.A.U. de Quinta		Monte de Quinta
	S.A.U. núcleo		Monte núcleo

LENDA

	Estradas e pistas asfaltadas		Ríos e regos continuos
	Camiños ou pistas de terra		Regos discontinuos
	Servidumes de paso		Canle de drenaxe soterrada
	Muro ou tapia		Paraxes
	Aramado		LUGARES Lugares
	Noiro		Edificio vivenda
	Traída de auga particular		Edificio agrícola
	Traída de auga municipal		Edificio social
	Fonte		Edificio relixioso
	Liña de media tensión		Edificio en ruínas
	Condición eléctrica soterrada		Limite de Concello
	Saneamento Concello		Limite de Parroquia



BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA
 ZONA: **SAN PEDRO DE RIOMOL CASTROVERDE**
 PROVINCIA: LUGO ESCALA: 1/2.000 DATA: DECEMBRO 2025 ASISTENCIA TÉCNICA: SIAL INGENIERIA, S.L. PLANO: 3 POLIGONO: 1
 OBSERVACIÓNS:
 Da parcela 1 a 509. Non existen as parcelas 1, 2, 3, 6, 80, 81, 83, 94, 198, 200, 201, 203, 206, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213, 214, 215, 217, 223, 225, 253, 258, 266, 267, 268, 270, 285, 286, 362, 367, 372, 378, 379, 405, 407, 421, 491, 492, 494, 495 e 496.




CLASES DE TERRA



	S.A.U. de Primeira		Monte de Primeira
	S.A.U. de Segunda		Monte de Segunda
	S.A.U. de Terceira		Monte de Terceira
	S.A.U. de Cuarta		Monte de Cuarta
	S.A.U. de Quinta		Monte de Quinta
	S.A.U. núcleo		Monte núcleo

LENDA

	Estradas e pistas asfaltadas		Rios e regos continuos
	Camiños ou pistas de terra		Regos discontinuos
	Servidumes de paso		Canle de drenaxe soterrada
	Muro ou tapia		Paraxes
	Aramado	LUGARES Lugares	
	Noiro		Edificio vivenda
	Tralida de auga particular		Edificio agricola
	Tralida de auga municipal		Edificio social
	Fonte		Edificio relixioso
	Liña de media tensión		Edificio en ruínas
	Condución eléctrica soterrada		Limite de Concello
	Saneamento Concello		Limite de Parroquia



BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA
 ZONA: **SAN PEDRO DE RIOMOL CASTROVERDE**
 PROVINCIA: LUGO ESCALA: 1/2.000 DATA: DECEMBRO 2025 ASISTENCIA TÉCNICA: SIAL INGENIERIA, S.L. PLANO: 3 POLIGONO: 2
 OBSERVACIÓN: Da parcela 1 a 221. Non existen as parcelas 21, 60, 133, 135, 146, 147, 148, 151, 152, 155, 156, 163, 164, 165, 170 e 172.



LENDA

	Estradas e pistas asfaltadas		Ríos e regos continuos
	Camiños ou pistas de terra		Regos discontinuos
	Servidumes de paso		Canle de drenaxe soterrada
	Muro ou tapia		Paraxes
	Aramado		LUGARES Lugares
	Noiro		Edificio vivenda
	Tralada de auga particular		Edificio agrícola
	Tralada de auga municipal		Edificio social
	Fonte		Edificio relixioso
	Liña de media tensión		Edificio en ruínas
	Condución eléctrica soterrada		Limite de Concello
	Saneamento Concello		Limite de Parroquia

CLASES DE TERRA

	S.A.U. de Primeira		Monte de Primeira
	S.A.U. de Segunda		Monte de Segunda
	S.A.U. de Terceira		Monte de Terceira
	S.A.U. de Cuarta		Monte de Cuarta
	S.A.U. de Quinta		Monte de Quinta
	S.A.U. núcleo		Monte núcleo



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Fase: **BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA**

ZONA: **SAN PEDRO DE RIOMOL CASTROVERDE**

PROVINCIA: LUGO ESCALA: 1/2.000 DATA: DECEMBRO 2025 ASISTENCIA TÉCNICA: SIAL INGENIERIA, S.L. PLANO: 3 POLÍGONO: 3

OBSERVACIÓN: Da parcela 1 a 99. Non existen as parcelas 36, 37, 48, 61, 72 e 76.



LEENDA

	Estradas e pistas asfaltadas		Ríos e regos continuos
	Camiños ou pistas de terra		Regos discontinuos
	Servidumes de paso		Canle de drenaxe soterrada
	Muro ou tapia		Paraxes
	Aramado		Paraxes
	Noiro		Paraxes
	Traída de auga particular		Paraxes
	Traída de auga municipal		Paraxes
	Fonte		Paraxes
	Líña de media tensión		Paraxes
	Condución eléctrica soterrada		Paraxes
	Saneamento Concello		Paraxes
	Limite de Parroquia		Paraxes

CLASES DE TERRA

	S.A.U. de Primeira		Monte de Primeira
	S.A.U. de Segunda		Monte de Segunda
	S.A.U. de Terceira		Monte de Terceira
	S.A.U. de Cuarta		Monte de Cuarta
	S.A.U. de Quinta		Monte de Quinta
	S.A.U. núcleo		Monte núcleo

Parroquia de Santa Mariña de A Pumarega
Concello de Castroverde

Parroquia de Santo André de Mirandela
Concello de Castroverde

Parroquia de Santo André de Mirandela
Concello de Castroverde

Parroquia de Santo Estevo de Furis
Concello de Castroverde

Parroquia de Santo Estevo de Furis
Concello de Castroverde